

**CURSO DE INTERPRETACIÓN DE
FAGOT**

“O FAGOT E A MONTAXE DE CAÑAS”

*Unha aproximación ás múltiples posibilidades
neste proceso.*



Steve Harriswangler

5 e 6 de abril de 2024

Steve Harriswangler

Naceu en Lansing, Michigan (EE.UU). Comezou os seus estudos aos 11 anos co seu pai, Frank Wangler no National Music Camp, Interlochen, con Stoltie James e con Robert Barris. En 1985, recibiu unha bolsa para estudar na Juilliard School de Nova York con Stephen Maxym. Posteriormente trasladouse a Filadelfia, onde recibiu unha bolsa para estudar con Bernard Garfield na Universidade de Amorne. Como estudante tamén tivo a oportunidade de perfeccionarse con fagotistas como Sol Schoenbach, Leonard Sharrow, Ron Phillips e, Judith LeClair entre outros.

Como músico de orquestra traballou con directores tales como Leonard Bernstein, Zubin Mehta, Leonard Slatkin, Simon Rattle, Kurt Masur, Lorin Maazel, Jesús López Cobos e Seiji Ozawa. Tocou varios concertos coa Orquestra e Orquestra de Cámara; Concerto de Jolivet, Concerto J. Francaix, Concerto Mozart e varios concertos de Vivaldi. É membro do Quinteto de Ventos da OSG e Grupo Século XX.

Tamén é profesor activo coa Xove Orquestra da Sinfónica de Galicia. Na tempada 2001-2002 foi convidado a tocar unha tempada coa Orquestra Sinfónica de Oregon, e colaborou co cuarteto de fagots "Bassoon Brothers". Actualmente é o fagotista principal da Orquestra Sinfónica de Galicia, cargo que ocupa desde febreiro de 1994.

Programa do Curso

LUGAR: CMUS OURENSE

DATAS: 5 e 6 de abril de 2024

HORARIO: de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00h

DEREITOS DE MATRÍCULA:

- Alumno/as activos do Centro: 40€
- Alumno/as activos externos ao Centro: 50€
- Alumnos/as oíntes: 20€

OBXECTIVOS:

- Coñecer a incidencia do funcionamento da caña no son e na interpretación.
- Coñecer a relación das medidas da caña coa afinación.
- Desenvolver a motricidade fina necesaria para utilizar as distintas ferramentas.
- Identificar as necesidades nunha caña dependendo dos roles como fagotista (solista, orquestra, música de cámara, etc.).
- Coñecer a importancia do raspado da punta da caña e a súa incidencia na emisión do son.

CONTIDOS:

- Coñecemento da importancia dun bo funcionamento da caña na interpretación e a súa incidencia no son.
- Nocións básicas sobre a relación entre as medidas da caña e a afinación.
- Adquisición da motricidade fina necesaria para utilizar as distintas ferramentas.
- Adaptación da caña dependendo dos roles como fagotista (solista, orquestra, música de cámara, etc.).
- Nocións básicas sobre a emisión e proxección do son en relación co raspado da punta da caña.

As inscricións abonaranse en **ABANCA,**
IBAN ES65 2080 5260 7031 1007 1809.

O boletín de inscrición e xustificante de pago remitiranse á Secretaría do Centro.
O prazo de matrícula remata o día **2 de abril de 2024.**

A todos os alumnos participantes no curso entregaráse, ao remate do mesmo, un diploma acreditativo pola súa asistencia.

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

Curso de Interpretación de _____

Nome e apelidos _____

Enderezo _____

CP e Poboación _____

Teléfono _____ E-mail _____

Nivel de estudos: G.E. G.P. G.S.

Centro de estudos _____

- Alumnado activo do centro G.E.
- Alumnado activo do centro G.P.
- Alumnado activo externo.
- Alumnado oínte.

Data de inscrición _____

Sinatura _____